



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 29/11/2011.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Xosé López Gudín.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
Fernando Márquez Hermida.

Concelleira ausente:

D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vintenoventa e nove de novembro de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de novembro do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. ACORDOS PARA A APROBACIÓN DO P.O.S. 2012 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o concelleiro de obras, Sr. López Gudín, para explicar brevemente o contido dos proxectos das obras propostas, consistentes na nova pavimentación de camiños moi deteriorados que xa non admiten reparacións e na eliminación de barreiras en dous locais sociais, solicitada polas asociacións veciñais que utilizan esos inmobles. O Sr. Alcalde explica tamén que o POS deste ano ten un carácter de provisionalidade debido a que os orzamentos do Estado, dos que depende a financiación do Plan de que se trata, aínda non están aprobados.

O Sr. Márquez pregunta se non sería posible destinar íntegramente a financiación disponible deste plan á realización de obras, respostándoselle polo Sr. Alcalde que o desexable sería que o importe destes plans se transferise ós concellos para que estes o destinaran ó financiamento das obras ou servizos que considerasen oportuno, en uso da súa autonomía, sen as limitacións que conleva o POS, xa que sempre se realizan outras obras parcialmente financiadas por outras administracións que esixen aportacións económicas por parte dos concellos, aportacións que se realizan xeralmente con ingresos correntes, xa que os orzamentos das entidades locais réxense, entre outros, polo principio da caixa única. O Sr. Márquez insiste en que o desexable sería poder adicar a investimentos a totalidade da financiación do POS, para poder realizar outro tipo de obras, como as de saneamento. O Sr. Soto di que tamén hai outros problemas para ese tipo de investimentos, como o de obter as necesarias autorizacións dos organismos competentes, que habitualmente precisan de longos periodos de tramitación.

O Sr. López Loureiro pregunta pola posibilidade de reparar unha pista que vai da Cabanela a Coira Vella, atendendo ó solicitado polos veciños da zona, respostándolle o Sr. Alcalde que esa pista estaba incluída no PEIM pendente de rematar pola Xunta, que culpa ó Estado polo retraso nas transferencias necesarias, e o Sr. López Gudín di que esa pista non é necesaria para o acceso a vivendas, pero que en calquera caso, se tratará de facer nela as reparacións máis necesarias.

Polo referido á parte do POS adicada a gasto corrente, o Sr. Alcalde di que se destinará ó pago do consumo e o mantemento do alumeadado público.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2012, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2012, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:



Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
Acondicionamento e supresión de barriras arquitectónicas no entorno dos locais sociais de Bardaos e Camiño Arriba	30.235,59	1.602,49	31.838,08
Pvimentación de camiños en A Torre, Camiño Grande, Agra de Abaixo, Currás, Sanguineira e As Loibas	51.222,24	2.714,78	53.937,02
Pavimentación de camiños en Silvalonga e Ardariz	38.940,83	2.063,86	41.004,69
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>120.398,66</b>	<b>6.381,13</b>	<b>126.779,79</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	86.548,93
--	-----------

C) Resumo

	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>120.398,66</b>	<b>6.381,13</b>	<b>126.779,79</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>86.548,93</b>	<b>0,00</b>	<b>86.548,93</b>
<b>TOTAL</b>	<b>206.947,59</b>	<b>6.381,13</b>	<b>213.328,72</b>

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación do Plan Complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no Plan de que se trata.

3º.- Declarar que o Concello é titular e ten dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2012 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2012.

5º.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,